

## DEBUXA

### Un colexio

Sabías que...?

Luísa aprobou as oposicións a educación secundaria en 1988 e traballou nos IES Xosé Neira Vilas (Oleiros), IES Canido (Ferrol) e IES Isaac Díaz Pardo (Sada).

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RESPONDE

### Cantas notas distintas forman unha escala maior?

Sabías que...?

Luísa estudou música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, onde se licenciou en violín. Ela cariñosamente chamaba "violino" ao seu instrumento.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## INTERPRETA

### O papel dunha "irmá pequena"

Sabías que...?

Durante a súa infancia e xuventude era frecuente atopar a Luísa polas rúas do seu barrio coa súa irmá pequena, Susana.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA


### Un violín

Sabías que...?

O violín é un instrumento de corda fretada. Tócase cun arco e ten catro cordas que se manteñen moi tensas. As cordas do violín son: sol, re, la, mi.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## INTERPRETA

### Unha escritora

Sabías que ...?

Das 61 edicións das Letras Galegas, Luísa Villalta é a sexta muller homenaxeada.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### A Torre de Hércules

Sabías que...?

Luísa foi unha muller activista e reivindicativa, moi comprometida sempre cos problemas da súa cidade.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### A figura dun pai

Sabías que...?

Luísa herdou a súa paixón pola música do seu pai, Rafael Villalta.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RESPONDE

### Cantas notas distintas forman unha escala maior?

Sabías que...?

Luísa sempre tiña unha lembranza para o seu profesor de violín no conservatorio (Celso Béjar), membro da mítica orquestra "Los Satélites", a quen nunha das súas obras lle dedicou as seguintes verbas: "A Celso, porque hai que vibrar o silencio como me dixo".

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### Unha esfínxe

Sabías que...?

Algunhas das súas obras teatrais son:  
*Concerto para un home só*, *O paseo das esfínxes* ou *As certezaas de Ofelia*.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RESPONDE

### Que significa o termo *concreto* en inglés (*concreto* en portugués)?

Sabías que...?

A súa obra *En concreto* é un canto á cidade da Coruña. Nela percorre barrios como Os Castros, Os Mallos, A Gaiteira, etc.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RESPONDE

### Coñeces o nome dalgunha muller homenaxeada previamente polas Letras Galegas?

Sabías que...?

Rosalía de Castro (1963), Francisca Herrera Garrido (1987), María Mariño (2007), María Victoria Moreno (2018) e Xela Arias (2021) foron homenaxeadas polas Letras Galegas.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RECITA

*ESA son eu  
rubindo unha e outra vez as escadas  
dun mundo posíbel  
separado sempre pola idade, a teima  
e a vontade íntima de voar  
No alto da miña casa alta  
E por cima dun país nas nubes  
lidando co sol difícil do Norte  
que sempre se rende ás gadoupas do mar  
e esquece ficar para quecerme*

Sabías que...? A poesía "Antiquísima" está recollida no libro *En concreto* (2004).

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RECITA

*Onda nós nunca pasan os trens.  
só chegan ou parten.  
Por iso tamén somos nós  
a nosa última estación  
o noso amor definitivo.  
Así podemos marchar  
no único sentido posíbel  
ou esperar o avalo dos viaxeiros  
para sentirnos expandidos as miradas  
[extrañas.  
que chegan arrastrando as  
[bambalinas do mundo.*

---

Sabías que...? Este é un anaco do poema "A estación", do libro de Luísa En concreto (2004).

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RECITA

*Á beira mesma dos meus ollos  
a soidade tende un manto de  
[distancia  
que outros ollos, todos, tamén  
[prenden.  
E aí vibra un espanto, unha certeza  
dun nada vivo que respira e que se  
[nutre  
deste ar que nos pregunta o que  
[somos.*

---

Sabías que...? Este é un anaco dun poema da obra *Música reservada* (1991) de Luísa Villalta.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

*Música reservada* (1991) foi o seu primeiro libro de poemas. É un ensaio poético da relación entre a música (sempre presente na súa vida) e a poesía. En palabras de Luísa: "Antes da palabra foi o son, logo, o entendemento da melodía".

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RECITA

*Querer, querería saber rir  
como sei que soubo rir aquela deusa  
e saír a mirar aquela vida  
que criou ela mesma co seu riso.*

*E xogar este xogo sen nostalxia  
dos tambores no campo da batalla,  
e, chegado o momento da derrota,  
gañar asumindo as dúas xogadas.*

Sabías que...? Este é un poema da obra *Música reservada* (1991) de Luísa Villalta.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

*Silêncio, ensaiamos* (1991) é un conxunto de relatos de distintos temas e estilos, onde Luísa nos amosa as preocupacións pola estética e o social.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

*Papagaio* (2006) é unha obra escrita por Luísa Villalta, con fotografías de Maribel Longueira, publicada de xeito póstumo. Neste poemario, Luísa e Maribel renden memoria ao desaparecido barrio da prostitución da Cidade Alta da Coruña (rúas Hospital e Tabares). Villalta amosa nesta obra o seu perfil máis comprometido e feminista.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

En “Concerto para un home só” *Cadernos da Escola Dramática Galega* nº 76 (1989), a autora relaciona o teatro coa música. Esta asociación literario-musical estará sempre presente na súa obra. Este é o primeiro dos seus cinco textos teatrais e nel desenvólvese, durante case todo o tempo, o monólogo dun violinista.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

Luísa creou na década de 1980 un grupo de folk instrumental chamado “Escaino”, no que ela tocaba o violín acompañada por Paulino Pereiro (frauta traveseira), Xoán Fernán Vello (percusión) e Luís Martínez Pereiro (clarinete).

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### A Casa das Ciencias

Sabías que...?

Luísa foi unha muller comprometida coa súa cidade, reivindicou a desaparición do Antigo Asilo da cidade (sito no Campo de Marte) ou os problemas coa pesca de baixura na dársena da Coruña.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## INTERPRETA

### Unha alumna

Estudou Primaria no Colexio das Xosefinas da Coruña, onde a marcou a súa mestra de Literatura M<sup>a</sup> Teresa Taboada.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## INTERPRETA

### Unha profesora

Sabías que...?

Era unha docente vocacional que vivía a educación como unha ferramenta a prol da igualdade. Luísa avogaba por un ensino de calidade. Pretendía despertar interese e acender consciencias entre o alumnado. Facíao pensar, soñar, amar a literatura e descubríalles lecturas e autores e autoras.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### Unha orquestra

Sabías que...?

Licenciouse en violín, e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e posteriormente da Xove Orquestra de Galicia, así como de diversos grupos de cámara galegos.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## SABÍAS QUE...?

Luísa era unha muller feminista, ecoloxista e amante da lingua galega. Nalgún dos seus artigos denuncia a "vergoña" polo esmorecemento da súa lingua propia, lembrando a Urbano Lugrís, Rosalía de Castro ou Manuel María.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

### A Catedral de Santiago

---

Sabías que...?

Luísa licenciouse en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## RECITA

A  
túa  
estatura  
estaba inscrita no proxecto  
da Cidade compacta.  
Os edificios medran cada día.  
Faltan por agromar aínda  
os máis altos de todos.

Por cima  
sen medida visíbel  
as antenas atentas  
prolongan o vacío [...]

Sabías que...?

Luísa creou o caligrama "O Obelisco" no seu libro de poemas *En Concreto*, co que gañou o XII Premio de Poesía Espiral Maior no ano 2004.

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



## DEBUXA

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



**RECITA**

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



**SABÍAS QUE...?**

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



**INTERPRETA**

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS



**RESPONDE**

XUNTA  
DE GALICIA

POLOS  
CREATIVOS

